

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 10 de abril de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e doce minutos do día dez de abril de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(521).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL. OUTUBRO 2007-FEBREIRO 2008. EXPTE. 18104/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.03.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 31.03.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes os meses de OUTUBRO 2007 – FEBREIRO 2008, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servicios que a continuación se indican:

Servizo de conserxería, relación que se achega no expediente e que comeza POR DIZ OCAMPO, AMANDO e remata por VAQUEIRO HERBELLO, M<sup>a</sup> TERESA, por un total de 53 horas.

Servizo de parque móvil, relación que se achega no expediente e que comeza por ALONSO IGLESIAS, MANUEL e remata por PEREZ TOME, JESUS, , por un total de 702 horas.

Servizo de vías e obras, relación que se achega no expediente e que comeza por VILLAR ESTEVEZ, RAIMUNDO e remata por LOBATO CAMESELLE, RICARDO, por un total de 64 horas.

Servizo de montes, parques e xardíns, relación que se achega no expediente e que comeza por VALADO GOMEZ, MANUEL e remata por VIDAL ALVAREZ, JOSE LUIS, por un total de 934 horas.

Servizo de parque central, relación que se achega no expediente e que comeza por ABELLEIRA PORRUA, GUILLERMO e remata por RODRIGUEZ LESTON, BERNARDO, por un total de 527 horas.

Servizo de O.S.P.I.O., relación que se achega no expediente e que comeza por MATILDE VIÑAS, JOSE EUGENIO e remata por FERRO MANCHO, ANGEL, por un total de 60 horas.

Servizo de policía local, relación que se achega no expediente e que comeza por ABREU TORRES,FRANCISCO J.e remata por VILA CAMPOS, FRANCISCO JOSE, por un total de 1850.75 horas.

Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, relacion que se achega no expediente e que comenza por VILA CAMPOS, FRANCISCO JOSE e remata por VILA DA VILA,JOSE CARLOS, por un total de 1127.00 h

Servizo Policia Local ( 1º Tenencia de Alcaldía), relacion que se achegano expediente e que comenza por D jose Luis Perez Costas e remata por D Juan Pablo Alonso Rodríguez, por un total de 154 h

➤ O montante do presente expediente ascende a un total de 46003.05 5€ .

**2(522).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR ACUMULACIÓN DE FUNCIONES A D. CARLOS PÉREZ FIGUEIRAS, XUÑO-DECEMBRO 2007. EXPTE. 18116/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.04.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 31.03.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal , que di o seguinte:

*Con data 21 de maio de 2007 e efectos o dia 6 de xuño de 2007, o 1º Tenente Alcalde , visto o escrito do Enxeñero Xefe de Vias e Obras, conformado polo Concelleiro delegado da Area de servizos xerais de data 8 de maio de 2007 e a situación en canto ao persoal existente no Servizo de Vias e Obras do Concello, no que atopabanse vacantes dous postos de oficial albanel, e xa que na OEP 2005, convocaronse duas prazas reservadas para promoción interna, entre persoal laboral ó servicio da Corporación e que, unha vez realizada a segunda proba, existe unicamente un unico aspirante as mesmas resolveu autorizar a acumulación temporal do posto de traballo vacante de oficial de oficios-albanel no Servizo de Vias e Obras á funcionario D Carlos Perez Figueiras, con DNI 35981610 e nº de persoal 17294 , axudante de oficios adscrito ao Servizo de Vias e obras, motivada na inexistencia de persoal auxiliar no Servizo citadado, establecéndose a sua duración ata que dita praza sexa cuberta en todo caso ata finais do exercicio economico 2007.*

*Dita atribución temporal de funcións exercerase nos termos e condicións do previsto no artigo 66 do Real Decreto 364/95, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios civiles da Administración Xeral do Estado, e o funcionario citada continuará percibindo as retribucións correspondentes ao seu posto de traballo de axudante de oficios, sen prexuízo das indemnizacións por razón do servizo ás que*

*poida ter dereito en cada caso, ou aos devengos retributivos regulamentariamente recoñecidos polas vixentes Instruccóns de Plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 31/05/2005.*

*Nas mencionadas instruccions de plantilla actualmente en vigor, no seu punto 3º apartado b) recollese que “con cargo ao complemento de productividade se retribuirá .... o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoria superior .....polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e específico entre os dous postos.*

*Con data 2 de xaneiro de 2008 informase polo Capataz de Vias e Obras que D Carlos Perez Figueiras con nº de persoal 17294, axudante de oficios adscrito a dito servizo, ven desenvolvendo con capacidade suficiente traballos propios de oficial albanel e executando as ordenes de traballo que neste oficio se lle encomandan.*

*Tendo en conta que a dia de hoxe figura vacante no Servizo de Vias e Obras un posto de oficial albanel ao non haber sido cuberto na OEP 05 finalizada, e vista a Resolucion de autorizacion de acumulacion de funcions de data 21 de maio de 2007, considerase debe aboarse a cantidad de 308,11 €, correspondente ao período comprendido entre o 6 de xuño e o 31 de decembro de 2007.*

*Asi mesmo, e dadas que as circunstancias que motivaron a resolucion citada en canto a efectivos no servizo de vias e obras, motivada na inexistencia de persoal de oficios no Servizo citadado, e dado que na mesma establecese que a sua duración será ata que dita praza sexa cuberta nalgúnha das formas legalmente establecidas dita acumulacion sigue tendo vixencia, finalizando a mesma no momento na que a praza sexa cuberta ou como maximo ata o fin do exercicio orzametario.*

*Por todo elo, propone a Xunta de Goberno local, e previo informe de fiscalización e consignación de créditos, sométese a aprobacion da Xunta de Goberno Local:*

*1.- Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polo desempeño dun posto de categoria superior, corresponde aboar a don Carlos Perez Figueiras, con n de persoal 17294 , por un total de 308.11 €, diferenza entre as retribucions complementarias dos postos de oficial de oficios e axudante, no periodo comprendido entre o 6 de xuño e o 31 de decembro de 2007, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE , e proceder ao aboamento do mesmo.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **3(523).- PRODUCTIVIDADE DA EVAP (EQUIPO DE VIXILANCIA E APOIO POLICIAL) , MESES NOVEMBRO-DECEMBRO 2007. EXPTE. 18115/220.**

Examinadas as actuacóns do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.04.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 31.03.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal , que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 30 de abril de 2007, adoptou o acordo de ASIGNACIÓN DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Ó PERSOAL DO OPERATIVO DE PROTECCIÓN DE VÍCTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO (EXPTE. 17135/220.), dacordo aos seguintes importes, previo informe do xefe do servicio acreditativo de que realizaron as funcións obxecto desta productividade:*

- Cabo: 300 € mensuais
- Axente: 250 € mensuais

*O concepto retributivo de productividade serviría para recompensar ó especial rendemento e dedicación que se lles esixe aos funcionarios participantes, xa que, según o informe do Inspector Xefe da Policia Local de data 28 de novembro de 2006, esta funcións realizanse a maiores do servizo policial que venian desenvolvendo e as veces teñen lugar fora do seu horario de traballo correspondente*

*De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de productividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo*

*Con data 27 de decembro de 2007 e recibido no Servizo de Persoal o dia 7 de xaneiro de 2008, achegase a este Servizo informe do Intendente da Policia Local, co conforme do concelleiro delegado da Area , no que se solicita o aboamento da devandita productividade, correspondente ao mes de decembro de 2007, aos funcionarios D. Jose Manuel Vazquez Varela, nº de persoal 18170, Dª Lucia Vidal Lorenzo, nº de persoal 79122, D. Jose Armando Garcia Veiro, nº de persoal 76478,D Pablo Antepazo Brun, nº de persoal 79103, D Bienvenido Avendaño Otero, nº persoal 21456 e D Pedro Martinez Lino, nº persoal 79363 , pola realizacion das funcions propias da EVAP, no periodo mencionado.*

*Asi mesmo, recibece na mesma data escrito do Asesor Xuridico, con conforme do Concelleiro delegado da area de mobilidade e seguridade, no que se informa da adscricpcion a E.V.A.P. dende o mes de novembro aos funcionarios D Bienvenido Avendaño Otero, nº persoal 21456, e D Pedro Lino Martinez , nº persoal 79363, aos que non se lle abonou dito complemento correspondente ao mes de novembro, ao non haber sido informado este servizo da sua incorporacion ao mesmo.*

*Polo anteriormente exposto, sometese a aprobacion da Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervencion Xeral, a seguinte proposta:*

*Recoñecer ao persoal que se relaciona, un complemento de productividade referido aos meses de novembro e decembro de 2007, pola sua participacion na proteccion das victimas de violencia domestica e de xenero segundo os importes que se indican, que supon un total de 2050.00 €*

	NOME	novembro	decembro	total
Cabo	José Manuel Vázquez Varela, nº persoal 18170		300,00 €	300,00 €
Axente	Lucía Vidal Lorenzo, nº persoal 79122		250,00 €	250,00 €
Axente	José Armando García Veiro, nº persoal 76478		250,00 €	250,00 €
Axente	Pablo Antepazo Brun, nºpersoal 79103,		250,00 €	250,00 €
Axente	Bienvenido Avendaño Otero, nº persoal 21456	250,00 €	250,00 €	500,00 €
Axente	Pedro Martinez Lino, nº persoal 79363	250,00 €	250,00 €	500,00 €
				2.050,00 €

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(524).- PRODUCTIVIDADE DA EVAP (EQUIPO DE VIXILANCIA E APOIO POLICIAL), 1º TRIMESTRE DE 2008. EXPTE. 33655/212.**

Examinadas as actuacions do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.04.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 11.03.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal , que di o seguinte:

*Recibece no Servizo de Persoal o dia 26 de febreiro de 2008, expte 33655-212 no que se propon a asignacion dun complemento de productividade ao persoal que desempeña as funcions establecidas dentro do denominado “Protocolo de colaboración e coordinación entre as forzas e corpos de seguridade do Estado e da Policia Local de Vigo, para a protección das víctimas da violencia domestica e de xénero”*

*Como se recolle nos antecedentes da proposta remitida, en reunion de data 30 de maio de 2006 da Xunta Local de Seguridade, a Alcaldesa de Vigo asumiou o compromiso de que persoal da Policia Local desempeñase as funcions do “Protocolo de colaboracion e coordinacion entre as forzas e corpos de seguridade do Estado e a*

*Policia Local para a protección das víctimas de violencia e xenero”*

*En sesión ordinaria de data 30 de abril de 2007, a Xunta do Goberno Local adoptou acordo de concesión dun complemento de productividade, con vixencia para o ano 2007, para o persoal da Policía Local que desempeña ditas funcions. Dito operativo estaba composto por un oficial e 3 policías locais. As cantidades aprobadas no citado acordo eran as seguintes:*

*Oficial (Cabo): 300 €/mes*

*Policía (Axente): 250 €/mes*

*No mes de novembro de 2007, o persoal adscrito a dito operativo ampliase con dous policías mais.*

*No referido informe exponse que para o ano 2008 a composición do mesmo será a seguinte, variando con respecto ao anterior a incorporación dun inspector e reducendo o número de policías locais de cinco a catro:*

**INSPECTOR**

*Dº. Jose Manuel Vazquez Varela*

**OFICIAL**

*Dº. Jose Armando Garcia Veiro*

**POLICÍAS**

*Dº. Pablo Antepazo Brun*

*Dª. Lucia Vidal Lorenzo*

*Dº. Bienvenido Avendaño Otero*

*Dº. Pedro Martinez Lino*

*Ditos funcionarios teñen accedido ás funcions propias do Protocolo en convocatoria pública e libre, e previa superación dun examen escrito relacionado co coñecemento específico da materia.*

*Seria conveniente que por parte do servizo, se especificasen as diferentes funcions a desempeñar por cada un dos postos integrantes así como os criterios utilizados tanto para o cálculo da productividade proposta e fixar “mínimos” para a asignación do mesmo (número mínimo órdenes de protección o similar)*

*A xustificación da proposta de productividade veña dada polas funcions derivadas do protocolo, que teñen carácter permanente e implican unha especial dedicación horaria, iniciativa, rendimento e interés dos funcionarios adscritos, que por cada orden de protección que teñan encomendada veñen obrigados á atención inmediata da vítima, tomando razón do expediente xudicial da que aquela deriva, procedendo mediante entrevista persoal á valoración dos riscos reais e potenciais e o seu carácter inmediato ou non, deseñando en consecuencia un protocolo individualizado para a protección integral da víctima cuxa execución mantense durante toda a vixencia da orde xudicial. Todo elo, compatible co desempeño das funcions ordinarias que lle corresponden nos seus postos de traballo nas respectivas seccións de pertenza, segundo se expresa no informe.*

*O Importe económico da proposta, para o ano 2008, supón un total de 21600.00 €. Considerase que o seu abono debeirase realizar nunha periodicidade mais amplia, como mínimo, de xeito trimestral, ao igual que outros complementos de productividade recollidos nas vixentes instruccions de plantilla e condicionado ao cumprimento dos obxectivos previamente fixados.*

*De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de productividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo.*

*En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o régime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de productividade está destinado a retribuí-lo especial*

rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en nengún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen nengún tipo de derecho individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Así mesmo, infórmase en calquera caso, que non se trata en ningún caso dun derecho subxectivo preexistente do traballador, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, non puidendo inferirse un devengo automático da productividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación.

Vistas as consideracions precedentes e de conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Régime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado II a) 15 do Decreto da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008, e sempre en tanto en canto se produza a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente; para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento do complemento retributivo anteriormente referido, tendo en conta as especiais circunstancias concurrentes neste caso, o desenvolvemento de tarefas extraordinarias, entre otros, e previo informe de fiscalización e consignación de créditos, sométese ao criterio do órgano resolutor a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro: "Aprobar a asignacion dun complemento de productividade anual para o vixente exercicio económico, aos funcionarios que participan no operativo para a protección das vítimas de violencia doméstica e de xenero, por un importe anual de 21600,00 €, acordo aos seguintes importes, a devengar trimestralmente, previo informe do Xefe do Servizo, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente:

Inspector: 4500,00 €  
Oficiais: 3900,00 €  
Policia: 3300,00 €

Segundo: Reconocer ao persoal que se relaciona, un complemento de productividade referido ao período XANEIRO-MARZO 2008, pola sua participación na protección das vítimas de violencia doméstica e de xenero segundo os importes que se indican

	NOME	1º trimestre 2008
Inspector	José Manuel Vázquez Varela, nº persoal 18170	1227,3
Policia	Lucía Vidal Lorenzo, nº persoal 79122	900
oficial	José Armando García Véiro, nº persoal 76478	1063,62
Policia	Pablo Antepazo Brun, nº persoal 79103,	900
Policia	Bienvendido Avendaño Otero, nº persoal 21456	900
Policia	Pedro Martínez Lino, nº persoal 79363	900
		5890,92

Dese traslado da presente resolución ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboéiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o

*Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(525).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POLA CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO LIXEIRO, SEN SER OFICIAL CONDUCTOR, A D. JOSÉ ALVAREZ RIVEIRO DO SERVIZO DE XUVENTUDE. EXPTE. 18110/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.04.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.03.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados por D Jose Alvarez Riveiro do Servizo de Xuventude, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, a cantidade que figura na relación que se achega, por un importe total de 45.36 €, correspondentes ó 4º trimestre de 2007 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00.

**6(526).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL, FEBREIRO 2008. EXPTE. 18106/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.04.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 31.03.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, corresponde aboar a don Antonio Amoedo García e D Antonio Gil Gonzalez, persoal adscrito ao Parque Mobil, , que figura na relación adxunta e que supon un total de 44.35 €, correspondente o mes de setembro de 2007 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**7(527).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DA POLICÍA DOS OFICIAIS CONDUCTORES-SEGURIDAD DA TENENCIA DE ALCALDÍA, XULLO-DECEMBRO 2007. EXPTE. 18107/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7.03.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.03.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

*Dentro do persoal que presta os seus servizos na 1ª tenencia da Alcaldía, figuran dous postos de policia local-seguridade, ós que se lle exixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis aló do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, segundo o disposto no Decreto de data 10 de xullo de 2007, da Alcaldía-Presidencia.*

*Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para facerse acreedores do complemento de productividade, xa que non contan cun horario fixo, senón que teñen que estar a disposición da 1º tenencia de*

*Alcaldía no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.*

*O 1º Tenente Alcalde, a través de escrito de data 21 de xaneiro de 2008, solicita se lles aboe un complemento de productividade, de conformidade co disposto na base j) da Instrucción 3ª sobre plantilla e relación de postos de traballo, con contía a determinar pola Xunta de Goberno Local en función das horas traballadas, dada a similitude das suas funcions coas correspondentes aos conductores de alcaldia.*

*De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de productividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*A apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en nengún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen nengún tipo de derecho individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.*

*Corresponde ó Alcalde-Presidente da Corporación a distribución do complemento de productividade entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de productividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/85, de 2 de abril.*

*Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo atópase delegada na Xunta de Goberno Local, excepto para os funcionarios dos grupos A e B, que foi expresamente delegada no Pleno do Concello tal e coma se especifica nas Bases de execución do Orzamento.*

*A este respecto, as vixentes instruccións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de maio de 2005, en concreto a citada instrucción 3ª j), establece que “con cargo ó complemento de productividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade extraordinaria pola plena disponibilidade que se lle esixe ó persoal que presta servicios como Conductor da Alcaldía, en función das horas traballadas a establecer pola Comisión municipal de Goberno e co devengo semestral, condicionado, en todo caso, ó informe previo do servicio da Alcaldía, acreditativo da especial dedicación”.*

*O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideráránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servicio da Corporación, sempre que a productividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.*

*A asignación destes complementos retributivos requerirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demáis traballadores.*

*En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servicios, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de productividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.*

*Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 6.08 € hora normal e de 8.59 € hora festiva no caso de D Juan Pablo Alonso Rodriguez e 6.23 € hora normal e 8.74 € no caso de D Jose Luis Perez Costas, cantidades que se aboarán en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:*

*D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, policia local-seguridade, por importe de 5.480,40 €*

*D. Juan Pablo Alonso Rodríguez, con DNI 36.075.555 D e nº de persoal 18218 policia local-seguridade, por importe de 3639.62 €*

*Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor puidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da productividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a seguinte proposta:*

*“Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servicios como policías locais- seguridade da 1º Tenencia de Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, dende xullo a decembro de 2007:*

*D. José Luis Pérez Costas, con DNI 36.085.935 Q e nº de persoal 23142, policia local-seguridade, por importe de 5.480,40 €*

*D. Juan Pablo Alonso Rodríguez, con DNI 36.075.555 D e nº de persoal 18218 policia local-seguridade, por importe de 3639.62 €*

*Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **8(528).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, FEBREIRO 2008. EXPTE. 18108/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.04.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.03.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade de servicios prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de febreiro 2008, e que ascenden a un total de 1.217.76 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

#### **9(529).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CONSERXERÍA, 4º TRIMESTRE DO 2007. EXPTE. 18111/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.03.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 10.03.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

*Dentro do persoal dependente do Servicio de Conserxería, figuran dous postos de oficial conserxe e a xefa de*

*subalternos, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo más alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, tal e coma se recolle na Instrucción 3<sup>a</sup>, ap. m) sobre Cadro de Persoal e relación de postos de traballo vixentes, BOP, de 7 de xuño de 2005.*

